



VALORES PODEMOS SER TODOS

Primeiro foi BSIS, despois a venda da Banca de Seguros e agora tócalle á Dirección de Valores e Renda Fixa. BS creou unha empresa para segregar a actividade de Valores e os seus 56 empregados coa intención de vendela cando lle interese.

Os traballadores afectados e os sindicatos que estamos levando as negociacións con RR. HH. demandamos a cláusula de retorno a BS cando se dea a situación que o banco nos anunciou: a venda desta empresa a un terceiro. Pero a dirección de BS négase en redondo a incluír este aspecto na negociación.

Cada vez cobra máis forza a posibilidade dunha reestruturación importante no sector bancario, ao estilo de fusións e absorcións, e polo que parece BS quere chegar “ben limpo de persoal”. Co pretexto de que estas “parcelas de actividade” (informática, seguros, valores... e outras que seguro virán, xa as inventarán) non forman parte do negocio bancario propiamente, sonlle dalgunha maneira “alleas”, a **Dirección do banco declara sen complexos que todo é vendible.**

Este mercadeo supón a perda de moitas garantías laborais. Todos os dereitos, de convenio ou de empresa, hanse negociar e renegociar, e é moi difícil conservalos porque hai un alto risco de cambiar de propietarios a curto prazo e adóitase pasar a un convenio colectivo peor. Tampouco esquezamos que se a nova empresa entra en crise ninguén acudirá a socorrela (autoridades monetarias, goberno...) como si pasaría se entrase en crise o Banco Sabadell.

Por todo isto, manifestamos publicamente o noso desacordo con esta política de desprenderse do persoal para unha mellor posición estratéxica. **Esiximos que a externalización dun traballador conte co seu consentimento explícito e, ademais, que se inclúa unha cláusula de retorno** por se nun futuro se presentan contratos nestas empresas ou cando o traballador pida regresar por calquera motivo.

Todos os traballadores debemos ser conscientes, especialmente os de Servizos Centrais, de que ninguén está fóra de perigo neste tipo de estratexias, as cales só buscan o beneficio económico. Dar soporte a estes compañeiros é defendernos todos e é por isto polo que apelamos á vosa solidariedade. **Hoxe é Valores e Renda Fixa, mañá podes ser ti e o teu departamento...**

Convidámosvos a participar nos actos de protesta que temos previstos: **luns, día 27, pasaremos a recoller as vosas sinaturas** de soporte coas demandas do cadro de persoal de Valores; e **mércres, día 29, convocámosvos a unha concentración ás portas do edificio de 10.00 a 10.20**, aproveitando o tempo do almorzo.

Sabadell, 23 de abril de 2009